

# A REPRODUCCIÓN HUMANA

## INTRODUCCIÓN

- A reprodución é unha función esencial nos seres vivos. Permítenos seguir existindo.
- A reprodución humana é:
  - Sexual: Hai dous sexos; Masculino e feminino.
  - Vivípara: As crías nacen do ventre da muller.

## DIFERENCIAS SEXUAIS

- Cada sexo ten uns trazos sexuais distintos.
  - a) Trazos sexuais primarios:
    - Son os órganos reproductores.
      - No home:
        - Case todo é externo.
        - A célula reproductora é o espermatozoide.
      - Na muller:
        - Case todo é interno.
        - A célula reproductora é o ovulo.
  - b) Trazos sexuais secundarios:
    - No home:
      - Bigote e barba, voz grave, noz grande, costas anchas.
    - Na muller:
      - Crecen os peitos, cadeiras redondeadas, ausencia de pelo na cara.

# **APARELLO REPRODUCTOR FEMININO**

## **FUNCIONES**

- Producir óvulos nos ovarios.
- Permitir a fecundación (unión de ovulo + espermatozoide).
- Permitir que o óvulo fecundado se desenrole ata o parto.

## **ÓRGANOS DO APARELLO REPRODUCTOR FEMININO**

De dentro a fora son:

- Dous ovarios:
  - Tamaño dunha améndoa.
  - Albergan os óvulos (sae 1 cada mes).
- Trompas de falopio:
  - Conducto que sae dos ovarios ata o útero, por el desprázanse os óvulos.
- Útero (matriz):
  - Lugar onde se depositará o ovulo, se existe fecundación.
- Vaxina:
  - Lugar que comunica o útero co exterior.
- Vulva:
  - Parte externa do aparello reproductor feminino.

## **MADUREZ SEXUAL FEMININA**

- Nos ovarios unha muller ten sobre 400.000 óvulos.
- Só chegarán a madurar uns 500.
- O primeiro sae dos ovarios na pubertade (11-14 anos).
- Despois os óvulos liberan un óvulo cada 28 días aproximadamente. É o comezo do ciclo menstrual:
  - O óvulo libérase ás trompas de falopio camiño do útero.
  - O útero prepárase para unha posible fecundación.
  - Se non hai fecundación o óvulo é expulsado ó exterior producindo unha hemorraxia chamada menstruación ou regra.

*Debuxo do aparello reproductor feminino.*

# APARELLO REPRODUCTOR MASCULINO

## FUNCIONES

- Producir espermatozoides nos testículos.
- Poden levar os espermatozoides ó interior do aparello reproductor feminino.

## ÓRGANOS APARELLO REPRODUCTOR MASCULINO

- **Pene:**
  - Órgano musculoso. O seu extremo chámase glande.
  - No seu interior está a **uretra**, conducto polo que se expulsan os espermatozoides e a urina.
- **Escroto:**
  - Bolsa situada debaixo do pene que alberga os testículos.
- **Testículos:**
  - Do tamaño dunha noz.
  - Producen os espermatozoides.
- **Conducto deferente:**
  - Tubo que comunica os testículos cos vesícula seminal.
- **Próstata:**
  - Órgano situado debaixo da vexiga.
- **Líquido seminal:**
  - Líquido producido pola próstata e vesícula seminal que permite que os espermatozoides se despracen.
- **Seme:**
  - É a mestura de líquido seminal e espermatozoides.

*Debuxo do aparello reproductor masculino.*

# A FECUNDACIÓN, O EMBARAZO E O PARTO

## FECUNDACIÓN

- É a unión do óvulo e o espermatozoide.
- Ten lugar nas trompas de falopio.
- A célula que se produce trala unión chámase cigoto.

## EMBARAZO

- É o tempo no que se desenvolve o novo ser no útero da nai.
- Dura sobre 40 semanas.
- **Primeiras semanas:**
  - Ó principio o cigoto vaise dividindo paulatinamente ata formar o **embrión**.
  - Este embrión deposítase no útero.
  - Cóbrese cunha bolsa chamada **amnios**. Chea co líquido amniótico, no que flota o embrión.
  - Fórmase a **placenta** (órgano que comunica a nai co embrión).
  - Na 8ª semana o embrión ten forma humana, chámase **feto**.
- **Seguintes semanas:**
  - O feto medra no interior da nai protexido polo amnios.
  - Xa se aprecia a forma humana.
  - Os últimos órganos en formarse son os pulmóns.
  - Sobre os 9 meses (40 semanas) o neno pesa sobre 3 kg. E xa está listo para saír ó exterior.

## O PARTO

- É o instante en que nace o neno, ben de xeito natural ou por cesárea:
  - **Forma natural:**
    - O neno colócase boca abaixo.
    - O útero sofre contraccións para empuxar ó neno.
    - A vaxina dilátase.
    - Rompe a bolsa amniótica e o neno sae ó exterior unido polo cordón umbilical.
  - **Cesárea:**
    - Se o neno está mal colocado, ou é moi grande, ou a nai non dilata,... é sacado ó exterior cunha operación no ventre da nai. Por este método o neno sofre menos.